



# Un século e medio de *O Vello do Pico-Sagro*

Henrique Neira Pereira  
valdoulla@yahoo.es

**Resumo.** *O Vello do Pico-Sagro* é a primeira publicación periódica escrita integramente en galego. Cumpriuse no 2010 un século e medio da edición dos seus cinco números por iniciativa de Antonio de la Iglesia González, todos eles dedicados a achegar información e opinión sobre a chamada guerra de África de 1859-1860, e facéndoo dun xeito moi orixinal, en verso, o cal supoñía recorrer ó formato das coplas populares para favorecer desta maneira a súa difusión.

**Abstract.** *O Vello do Pico Sagro* is the first periodical written entirely in Galician. In 2010, the first five issues were edited one century and a half ago by Antonio de la Iglesia González. All of them were aimed to provide information about the African War (1859 – 1860) in a very original way, in verse, which meant to use the traditional stanzas format in order to help their diffusion.

O sábado 3 de marzo de 1860 saía do prelo na Coruña o primeiro número de “O Vello do Pico-Sagro”, que o estudoso Enrique Santos Gayoso<sup>1</sup> considera a primeira revista integramente en galego, pois cada unha das entregas van numeradas e indícase a súa data e lugar de edición. Celebramos pois no 2010 cento cincuenta anos da saída dunha publicación periódica pioneira na historia da prensa galega e moi especialmente da prensa en galego, a cal leva na súa cabeceira o nome dun monte tan importante para o Val do Ulla coma o Pico Sacro ou Sagro, que das dúas maneiras o encontramos escrito aínda que na fala o habitual é que digamos Sacro.

Editáronse unicamente cinco números que viron a luz na imprenta do Hospicio Provincial da Coruña, tal como se indica nas súas páxinas, e os seus contidos van asinados co nome de “Mingos Gallego”. Santos baséase no traballo de Antonio Couceiro Freijomil para atribuírlle a súa autoría ó mestre santiagués Francisco María de la Iglesia González<sup>2</sup>, mais un recente libro de María Rosa Saurin de

1 Santos Gayoso, Enrique. “Historia de la prensa gallega 1800-1986”. Tomo I. O Castro, Sada (A Coruña), 1990, Edicións do Castro. Páx. 138.

2 Couceiro Freijomil, Antonio. “Diccionario bio-bibliográfico de escritores”. Vol. II. Santiago de Compostela, 1952, Editorial de los Bibliófilos Gallegos. Páx. 34-37.

la Iglesia sinala como autor a Antonio de la Iglesia González, irmán de Francisco<sup>3</sup> e tamén mestre e santiagués. Non falta quen lle atribúe a autoría ós dous irmáns conxuntamente<sup>4</sup>, aínda que o traballo máis recente e completo parece o de María Rosa Saurin de la Iglesia, quen tivo ademais acceso á documentación inédita grazas a ser bisobriña neta<sup>5</sup> de Antonio de la Iglesia, así que semella que este sería o autor. O que si fixeron xuntos os dous irmáns é fundar meses máis tarde, o 1 de outubro de 1860, a publicación “Galicia. Revista Universal de este Reino”, que subsistiría ata o 15 de decembro de 1865: Antonio foi o editor e Francisco o director, e mesmo nalgúns números colaborou outro irmán deles, Benigno, poeta.

## A guerra de África

“O Vello do Pico-Sagro” ten na súa curta vida un único eixo principal: a chamada guerra de África, un conflito armado que ten as súas orixes en diversos incidentes con grupos marroquís nas cidades de Ceuta e Melilla a partir de 1845, no que se fixaron e ampliaron os límites fronteirizos da primeira localidade. Incidentes que foron en aumento ata que en agosto do 1859 un destacamento do Exército español foi atacado na área de Anghera, próxima a Ceuta, e se lle esixiu ó sultan de Marrocos un castigo para os agresores, que se supoñía eran membros de cabilas –tribos– desa área, mais ese castigo non ocorreu<sup>6</sup>.

Por iso, o presidente do Goberno español, o capitán xeneral Leopoldo O’Donnell, propúxolle formalmente o 22 de outubro do 1859 ó Congreso dos Deputados declararlle a guerra ó sultanato de Marrocos, o que foi aprobado por unanimidade. O propio O’Donnell

3 Saurin de la Iglesia, M.R. (editora). “Poesías. Antonio de la Iglesia”. A Coruña, 2005, Real Academia Galega. Páx. 106-146. Neste volume vén transcrito o contido dos cinco números da publicación. Un exemplar orixinal de cada un dos números haino na biblioteca da Real Academia Galega na Coruña e tamén na Coruña se conserva algún número solto na Biblioteca Municipal.

4 De Juana, Jesús e Julio Prada Rodríguez (coords.). “Historia Contemporánea de Galicia”. Barcelona, 2005, Editorial Ariel. Páx. 495.

5 Saurin de la Iglesia, M.R. (editora). “Poesías. Antonio de la Iglesia”. A Coruña, 2005, Real Academia Galega. Páx. 15.

6 Véxase para entende-las orixes desta guerra o apéndice I de: De Alarcón, Pedro Antonio. “Diario de un testigo de la Guerra de África”. Tomo I. Madrid, 1917, Est. Tip. Sucesores de Rivadeneyra. Está dixitalizada esta obra en [www.cervantesvirtual.com](http://www.cervantesvirtual.com).

púxose ó mando das tropas, uns 36.000 efectivos que partiron de Alxeciras e que para o 17 de decembro comezaron a situarse en posición para toma-la cidade de Tetuán e o porto de Tánxer, que eran os obxectivos fixados para obrigar a Marrocos a ceder ás esixencias españolas. Entre estes efectivos había ó parecer moitos galegos, segundo se deduce da lectura do texto de Antonio de la Iglesia que de contado imos analizar, que sufriron ademais das batallas unha grave epidemia de cólera.

Tetuán foi ocupada o 6 de febreiro de 1860. Paralelamente seguían os preparativos para a toma do porto de Tánxer, e é nesta época cando comeza a publicarse “O Vello do Pico-Sagro”, concretamente o 3 de marzo sae o primeiro número.

O día 23 de marzo tivo lugar a batalla de Wad-Ras, trala cal o comandante marroquí Muley Abbás pediu un armisticio. Finalmente o 26 de abril asinábase en Tetuán un tratado de paz polo que Marrocos lle cedía a administración desta cidade ó Goberno español mentres non lle pagase a indemnización de guerra estipulada, e comprometíase a cumprir outras condicións pactadas.

O quinto e último número de “O Vello do Pico-Sagro” publícase o 28 de abril de 1860, dous días despois de asinarse o acordo entre as autoridades marroquí e as españolas, e o seu contido comeza co título “A paz”<sup>7</sup>.

Aínda que como dixemos o tema principal da publicación é a guerra de África, de la Iglesia introduce a partir de aí información e opinións sobre outros temas de actualidade naquela época coma as tensións existentes co Reino Unido ou mesmo sobre a política española, e non faltan ó longo do texto mencións a numerosas lendas e personaxes lendarios das terras da Ulla, que o autor debía coñecer moi ben. Os cinco caderniños publicados tamén nos deixan albiscar detalles de como era a vida hai século e medio: como eran as romarías, as festas, como vivía a xente...

7 As catro páxinas deste número están dixitalizadas e pódense ver en <http://www.galicia-na.bibliotecadegalicia.xunta.es>.

Ano primeiro      Sábado 3 de Marzo de 1860.      Número un.



**O VELLO DO PICO-SAGRO.**

No Pico-Sagro famoso  
na última romaría  
do Santo San Bastián  
hoube moitísima familia.  
Ali s'atoparon homes  
de tod'a nosa Galicia  
cabaieiros, labradores  
pastranas e señoritas.  
Da Ulla xa non se fala  
por q'è do tarreo á ernida  
e des q' hay guerra co mouro  
non falla d' ali un vixia.  
Pro viñeno de San Les  
do Ribeiro e da Mariña  
de Xallas e Cotobade  
de Quiroga e de Mesia.  
En fin, hastra do Cebreiro  
se achou no Pico xentíña  
e do chao de Mondañedo  
e de Tuy e de Malpica.

Por decílo d' unha vez  
fomegabou pol' a piña  
d' aquel sobrano picoto  
gallegos coma formigas.  
Eu non sey se pol' o Santo  
acó ven tod' á familia  
ou algunha pol' os mouros  
ó Pico-Sagro vira.  
Pró o que dúbida non teño  
è que ogano xente viña  
moita por Don Bastian  
q' estaba taquen de dias.  
¡Don Bastian! ¡ay! ¡men amo!  
xa non tén tod'a Galicia  
lome mais bo, nio mais farto  
anque veñ' acó Altamira  
Despois è un vello ¡Xesus!...  
enténde d' estrelouga  
è un sabio d' os mais sabios  
que Dios botou n' esta vida.

## O número un

Unha ilustración que representa o Pico Sacro preside a cabeceira do primeiro número da publicación. En canto ó contido, o primeiro que hai que dicir é que o texto dos cinco números foi escrito en versos oitosílabos, agrupados de catro en catro, o que sen dúbida debeu facilitar a súa lectura hai século e medio, nun momento no que, na práctica, case non había textos en galego: a súa estrutura é basicamente a das coplas populares que aínda hoxe se conservan na tradición oral. Por tanto, era un texto axeitado para que unha persoa o lese en voz alta e o escoitasen outras, probablemente non é arriscado supoñer que esta puido ser unha das formas de difusión da publicación.

Como xa dixemos, a revista trata case monograficamente da guerra de África, e son as lendas dos buratos dos mouros do Pico Sacro

as que lle dan pé ó autor para relaciona-lo mítico monte co que sucede en Marrocos. Vexamos os primeiros versos do número un:

No Pico Sagro famoso  
na última romaría  
do Santo San Bastian  
hoube moitísima familia.

Ali s'atoparon homes  
de tod'a nosa Galicia  
cabaleiros, labradores  
pastranas e señoritas.

Da Ulla xa non se fala  
por q'é do tarreo a ermida  
e des q'hay guerra co mouro  
non falla d'alí un vixia.

A romaría do San Sebastián do Pico Sacro celébrase dúas veces no ano: o 20 de xaneiro e o último domingo de maio. Como este primeiro número é de marzo, faría referencia á de xaneiro, e nela os asistentes pregúntanlle ó santo:

- Díganos Don Bastian  
díganos, por Dios el diga  
o que pensa d'esta guerra  
en q'a España está metida.

Q'esta guerra è necesaria  
xa ninguen o negaría  
s'algun houber que o negue  
bárrano malas nacidas.

S'algun s'astreve a negalo  
será mouro da mourisma  
q'este própeo monte ten  
no fóco ventre scondida.

Vemos, pois, como a romaría do Pico serve como escenario para introducir o tema do que se vai tratar realmente na publicación, a guerra de África, e como se relaciona os mouros das lendas cos habitantes de África, aproveitando os dous túneles existentes preto da cima do Pico<sup>8</sup>. Túneles ós que a lenda chama “buratos dos mouros”,

8 Un destes túneles é artificial, mentres o outro sería natural, segundo se recolle en “A Cova do Pico. En el interior de la compostelana montaña de cuarzo”. Vigo, Concello de Boqueixón-Clube Espeleolóxico Maúxo, 2004

pois estes personaxes do imaxinario popular vivirían alí nas entrañas do monte. Os seguintes versos continúan achegando outras lendas referidas a estes mouros, e a continuación pon na boca de San Sebastián a primeira información sobre a guerra.

A partir de aí imos coñecendo desde o punto de vista dun cidadán galego moitos detalles do contexto no que sucede ese conflito armado –por exemplo, que xusto nese momento o Reino Unido aproveita para reclamar unha débeda do Goberno español por compra de armas– e que se cadra sería máis difícil atopar nun ensaio sobre o tema, que se ocuparía máis de feitos que de opinións.

Como non é un texto propiamente xornalístico, senón máis ben literario, tamén fai que se mesturen indistintamente información e opinión, e atopamos todo tipo de tópicos sobre diferentes países e os seus habitantes. Así, di dos británicos por reclamaren os seus cartos en tal momento<sup>9</sup>:

“– ¡Ay mala estrósa os enterre / a eses demos de miñatos!”. E dos estadounidenses<sup>10</sup>: “Inda ós Estados Onidos, / outro covil de marrá-os!”. Hai que ter en conta, de tódolos xeitos, que son frases escritas nunha época de guerra, e que se deben entender nese contexto.

O primeiro número acaba cando os labregos que foron á romaría deciden baixar ós buratos do Pico Sacro na busca dos mouros que alí vivirían, pero non os atopan porque fuxiron... polo burato de San Xoán da Cova, á beira do río da Ulla: a lenda di que os mouros do Pico levaban os seus cabalos a beber ó río por baixo da terra, pois os buratos do monte e o que está preto do río estarían comunicados:

Q'os mouros todos foxíno  
medosos abriron paso  
pol o de San Xoan d'a Cova:  
que foy sempre o seu atallo.

En total son 324 versos nesta primeira entrega, que deixa os potenciais lectores e lectoras esperando a ver como continúa a historia.

9 Versos 177 e 178 do número un.

10 Versos 241 e 242 do número un.



## O número dous

A segunda entrega sae o 24 de marzo de 1860 e inclúe 318 versos. Continúa falando do que acontece entre os labregos no Pico, mais tamén conta unha das accións militares recentes da guerra, a de “Castelexos” (Castillejos, en castelán; o nome actual da cidade en árabe é Fnideq), localidade que se encontra entre Tánxer e Tetuán. A acción comeza así:

– Baixano trinta mil mouros  
 polos picotos abaixo  
 traguendo a garda d'os negros  
 cabalgando en poldros albos

Celebra o autor a vitoria sobre os inimigos e o bo facer do exército español e dos seus comandantes, e traslada esa celebración ós labregos que deixara no número anterior na romaría do Pico Sacro:

O chegar a este punto  
 tantos atruxos zoaron,  
 tantos arroutados vivas  
 e tanto devino aprauso,  
  
 q'eu coidei que s'esfondia  
 d'aquela ermida o tellado.  
 Zoaron as castañas  
 os pandeiros redobraron  
  
 e polo aire se viron  
 dez mil monteiras voando  
 con cantos fogos viñeran  
 para festexal o santo.

Coa festa polas boas novas que se espallan por Galicia adiante remata este segundo número.

### O número tres

Sae do prelo o terceiro número o 7 de abril de 1860 con 312 versos, narrando as novas batallas pero tamén o sufrimento dos soldados polas fortes treboadas que sofren, que enchen de lama a terra e que lles impiden recibir alimentos ou municións, ou pola epidemia de cólera, e todo mentres continúan os combates. Fronte á entrega anterior, fundamentalmente de celebración das vitorias militares, esta céntrase máis en amosar preocupación polos soldados galegos que tiveron que ir loitar tan lonxe da casa:

“¡Como estarán ¡ay! na Afreca  
 naqueles montes de Dios  
 os nosos hirmaus queridos!”  
 n'hay outra conversacion.  
 As señoras preguntaban  
 a cada paso ò señor  
 ¡qué novas da vila trague,  
 q'é do axército español?



E é que ademais das noticias sobre as batallas chegan a Galicia información sobre o andazo de cólera e sobre as penalidades que sofren os soldados en Marrocos:

Así os dizmóu o cólero  
aló na Serra Bullons:  
o q'a polbr'alí non fixo  
consigueuno ese treidor.

¡Ohí, Dios, que chover! ¡qué lóstregos!  
¡que tronos e que trobons!  
¡que furacans dos abismos!  
¡que mar! ¡que perdas! ¡que horror!

Hai finalmente novas das batallas, con especial atención ó que sucede na área de Anghera, á que se refire como o 'boquete de Angueira' o que lle dá pé ó autor para continuar sinalando lendas de mouros, como a do castro de Angueira.

Din q'o boquete d'Angueira  
comonícase co castro  
d'este nome que foi sempre  
de mouros un rico pazo.

Este castro de Angueira indica de la Iglesia "q'está pretiño de Francos, e tamen do Faramello".

Rúa de Francos e O Faramello son localidades da parroquia teen-se de San Xoán de Calo, así que seguramente o dito castro está moi próximo a elas.

## O número catro

Publicouse a cuarta entrega o 14 de abril de 1860. Titúlase "Rendición de Tetuán" e narra en 300 versos primeiramente a ledicia que houbo en terras galegas trala ocupación de Tetuán, que supuxo o principio do final da guerra:

Dend'o Pindo ó Pico-Sagro  
de Buron a serranía  
Santa Técola, todo arde:  
trema o mundo d'alegría.  
Chéganse a Don Bastian  
total as xentes da vila  
e das aldeas da Ulla,  
da Montaña e da Mahía.

Explica finalmente como se celebraron as boas noticias en distintos lugares de Galicia, pero, unha vez máis, tamén hai espazo para os mouros das lendas:

Moitos par'o Pico-Sagro  
botano olladas de tirria  
e case xuraban que  
os mouros aló boligan.

E de noite na lameda  
algús hastra vos creían  
que desfrazados andaban  
de cabaleiros da vila.

### O número cinco

Saíu o sábado 28 de abril de 1860 con 344 versos e leva por título “A paz”. Dá conta dos últimos combates e das negociacións de paz dos marroquís cos españois, que non deron froito ó comezo:

Odonelle e Muley-Abbas  
d'este n'unha moura tenda  
lonxe da praza tratando  
da paz un día estiveran.

Cada cal poderes tiña  
un do alarbio, outro da Reina  
para arregal o asunto  
da mais xeitosa maneira.

Pró tivero que deixar  
sin arrego esta encomenda  
pol o mouro, que non quixo  
baixarnos tanto a cabeza.

Pero que si se resolveron un tempo despois, tras novos combates:

Pediron a paz de novo  
de Muley-Abbas por letras  
q' é o hirmau do emperadore  
califa d'as suas terras.

Remata o quinto número referíndose ás condicións do tratado de paz que lle puxo fin á guerra, e acaba con el a vida da publicación. Un fito para o xornalismo en galego no que as terras do Val do Ulla están moi presentes.